

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

DÍA DAS LETRAS

O ano de Álvarez Blázquez

Ademais do libro editado por Toxosoutos, Galaxia e Xerais publicarán oito obras máis dedicadas ao autor homenaxeado.

Redacción - 10:51 17/01/2008

Galaxia vaise centrar moi especialmente na homenaxe a Álvarez Blázquez, coa edición de seis libros, catro deles do propio autor homenaxeado. Así, verá a luz a reedición de *Canle Segredo*, así como unha *Antoloxía da Poesía Medieval* e unha *Antoloxía da Poesía dos Séculos Escuros*. Tamén se editará un libro de contos do propio Álvarez Blázquez, *A pega rabilonga e os ruíns*. Ademais, a editorial publicará *A vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez*, de Carlos Bernárdez, e *Memoria de Pai*, un libro de memorias realizado polo seu fillo, Xosé María Álvarez Cáccamo.

Mentres, Xerais publicará dúas obras: *Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez*, escrito por Darío Xohán Cabana e a reedición dun poemario do propio homenaxeado, *Roseira do teu Mencer*.